

DIRECCIÓN:

Verónica Martínez Barbero
Presidenta do Consello Galego de Relacións
Laborais

Yolanda Maneiro Vázquez
Profesora Contratada Doutora de Dereito do
Traballo e da Seguridade Social da USC

COORDINACIÓN:

José María Miranda Boto
Profesor Contratado Doutor de Dereito do
Traballo e da Seguridade Social da USC

INSCRICIÓN:

Prazas limitadas. As inscricións faranse por orde
de solicitude, ata completar o aforo, dende o 22
de novembro ao 11 de decembro de 2017, no
Consello Galego de Relacións Laborais

DIPLOMA:

Entregarase un diploma acreditativo ás persoas
participantes que asistan á totalidade da xornada

XORNADA

O IMPACTO DA CONTRATACIÓN PÚBLICA NAS RELACIÓNS LABORAIS



Información e inscricións:

Consello Galego de Relacións Laborais

Rúa Algalia de Abaixo, 24
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 957 489
Fax 981 541 610

e-mail:

maria.isabel.mosquera.bonome@xunta.gal



XORNADAS 2017

O IMPACTO DA CONTRATACIÓN PÚBLICA NAS RELACIÓNS LABORAIS



SANTIAGO DE COMPOSTELA

13 decembro 2017

Facultade de Dereito da USC

O IMPACTO DA CONTRATACIÓN PÚBLICA NAS RELACIÓNS LABORAIS

ORGANIZAN: Consello Galego de Relacións Laborais
Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da USC

Data: 13 de decembro de 2017

Lugar: Facultade de Dereito
Sala de Xuntas—1º andar
Santiago de Compostela

Mércores 13 de decembro de 2017

09:00 Inauguración

09:15 A nova Lei de Contratos do Sector Público: presentación xeral

Luis Míguez Macho. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela

09:45 Coloquio

10:00 A nova Lei de Contratos do Sector Público: perspectiva laboral

Joaquín García Murcia. Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade Complutense de Madrid

10:30 Coloquio

10:45 Mesa redonda: A conflitividade laboral na prestación de servizos públicos

Interveñen representantes do SN de CCOO de Galicia, CIG, UGT-Galicia e CEG

12:00 Pausa café

12:30 Limitacións á incorporación de persoal laboral no sector público. Regras de subrogación e emprego público

Lourdes López Cumbre. Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade de Cantabria

13:00 Coloquio

13:15 Igualdade e non discriminación na contratación pública

María Amparo Ballester Pastor. Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade de Valencia

13:45 Coloquio

14:00 Fin da xornada de mañá

14:15 Cóctel (Networking)

15:30 Cláusulas sociais e contratación pública

Susana Rodríguez Escanciano. Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade de León

16:00 Coloquio

16:45 Mesa redonda: Tutela e control da contratación laboral nas Administracións Públicas

Emilio Fernández de Mata. Maxistrado da Sala do Social do TSX de Galicia

Juan Carlos Fernández López. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña

Demetrio Fernández López. Director Territorial da Inspección de Traballo e da Seguridade Social en Galicia

17:30 Coloquio

18:00 Clausura e remate da xornada

RESUMO DA XORNADA

A aprobación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, introduciu modificacións de gran calado na regulación da contratación administrativa en España. Algunhas delas afectan directamente ao ámbito laboral, que por outra banda tamén se viu alterado nos últimos tempos por outras disposicións legais, como a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Nesta xornada abordaranse, en primeiro lugar, os aspectos máis relevantes desta reforma, tanto dende unha perspectiva administrativa como laboral, co obxectivo de presentar un marco xurídico xeral que oriente a acción dos operadores xurídicos.

Son numerosos os conflitos laborais xerados pola contratación pública, tanto dentro das propias administracións como dentro das empresas contratistas e subcontratistas encargadas de executar os contratos. A súa variada tipoloxía contribúe a incrementar a dificultade da súa solución.

A esta análise seguirá o estudo de problemas máis específicos, de permanente actualidade, como a incorporación de persoal laboral ao sector público, o tratamento da igualdade e a prohibición de discriminación, unha cuestión de carácter transversal, así como a regulación da incorporación de cláusulas sociais á contratación pública, materia na que as Directivas e a xurisprudencia europeas teñen unha influencia moi considerable.

Por último, poñerán o colofón á xornada os medios de tutela e control da aplicación da normativa en materia de contratación pública, con tres puntos de vista diferentes e complementarios.

Profesionais especialistas na materia e representantes das organizacións sindicais e empresarial máis representativas de Galicia tratarán de responder a todas estas cuestións.

Correspóndelle ao Consello Galego de Relacións Laborais, de acordo coa normativa reguladora, a función de promover e fomentar o debate social en cuestións de actualidade. De aí a realización desta xornada, que xorde cunha vocación de utilidade pública, de formación, difusión e debate neste sempre cambiante mundo das relacións laborais.